

## Ter casa propia e vida independente grazas á unha x solidaria

Catro persoas con discapacidade comparten unha casa no centro de Bembibre en Val do Dubra de luns a venres. Co apoio de profesionais da Asociación de Persoas con Discapacidade Avante poden practicar tódalas habilidades necesarias para levar unha vida independente. Xuntos fan as tarefas propias dun fogar como planificar menús, ir de compras, cociñar, lavar e limpar. Tamén organizan o seu propio lecer e tempo libre. Fan deporte, van de excursións, van ao cine ou simplemente van tomar o café nalgún bar de Bembibre.

Esta vida independente é posible grazas ao programa “Promoción da autonomía persoal” cofinanciado pola Xunta de Galicia a través dos fondos do 0,7% do IRPF. A Vivenda Tutelada Avante é un servizo que ofrece a Asociación Avante como parte das súas actividades para persoas con discapacidade e as súas familias. Avante leva corenta anos traballando para mellorar as vidas das persoas con discapacidade na comarca de Val do Dubra e ten actualmente persoas usuarias de oito concellos da contorna.

Para máis información:

Asociación de persoas con discapacidade Avante

Tfnos: 600 99 48 23 / 981 191 490

Correo: [avante@cogami.gal](mailto:avante@cogami.gal)